

O país que importa

Infantil Agustín Fernández Paz ponse na pel dunha moza senegalesa chegada a Vigo canda a súa familia

A multiculturalidade é unha das temáticas que máis rendemento literario está a dar na actualidade nos textos para nenas e mozos, tornándose nunha moda necesaria polo que ten de educativa (sempre que non rache a maxia da literatura). No ámbito galego, escritores como Fina Casalderrey, Antonio García Teijeiro, Paula Carballeira, María Reimóndez ou Agustín Fernández Paz, xa lle deron formas diversas, abordándoa dende ángulos complementarios. Se n'O centro do labirinto (Xerais, 1997), Fernández Paz poñía de relevo as posibles consecuencias dunha homoxeneización cultural e idiomática (recomendábel lectura nestes tempos de falacia lingüística, onde toca resistir), na súa última novela, *Lúa do Senegal*, a protagonista é a inmigración dende a ollada limpa e intelixente dunha pícara de once anos.

Khoedi, a súa irmá Naima e a súa nai Aminata chegan nos comezos do verán a Vigo, onde Madou, o pai, leva un tempo establecido. As sensa-

cións que lle produce a nova cidade, coas súas arestas ferintes, mais tamén cos seus lados fascinantes; os encontros coa comunidade senegalesa que reside alí; e o coñecemento das dificultades que sofre a xente do seu país para acadar estabilidade económica van ser a materia narrativa que a protagonista recolla no seu diario, sempre dirixido á lúa. A narración en primeira persoa combínase cun narrador omnisciente que, cando aparece, cede a voz de novo á protagonista, o que amosa a vontade de Fernández Paz por achegar naturalidade ao narrado e por trasladalo máis directamente ás potenciais lectoras da novela. Este é, sen dúbida, un dos elementos máis logrados de *Lúa do Senegal*: a capacidade do autor para colocarse na pel de Khoedi e da súa familia, para afondar nos seus medos, nas súas inxedanzas e nas súas descubertas.

Tras esta ficción hai tamén un evidente esforzo documental que alicerza o seu lado máis didáctico (e tiremos aquí o pexorativo que poida

Lúa do Senegal ·
Agustín
Fernández Paz,
Marina Seoane (il.) ·
Xerais, 2009 ·
200 páx · 8,50euros



haber no adxectivo cando se lle apón a unha obra literaria), pois unha das grandes fiestras que abre a novela é a oportunidade de debuzarse sobre a cultura senegalesa: as lendas, a vestimenta, as linguas e, en xeral, o seu xeito de vida son difundidos a través dunha visión coidada e respectuosa mais non idílica.

Isto entretécese con marcas de identidade da escrita do autor: un estilo sinxelo que agocha tras si un inxente traballo compositivo, a vontade de inserir na obra escritores xuvenís clásicos (seguindo a idea de que uns libros levan a outros libros, eses a outros e así até o infinito), a defensa da diversidade lingüística (providencial é, neste sentido, o ca-



pítulo 14 e a súa explicitación do enriquecemento que sempre achegan os idiomas) e a importancia da memoria histórica, a que nos fai saber de onde vimos para non confundirnos no seguinte treito de camiño.

Lúa do Senegal é unha obra didáctica, polo que ten de mostra da desprotección que senten as persoas que, deixando atrás todos os seus referentes afectivos e culturais,

se veñen asentar a Galiza na procura dun horizonte incerto. Ensina respecto á diversidade, relatos senegaleses, capacidade de adaptación lingüística, reborda sensibilidade e explícita a crueldade á hora de mirar aos “outros”. Para volver ensinar que “se cadra o único país que importa de verdade é o que acabamos construindo coas persoas que queremos”.

// Montse Pena Presas